

6 *Guest article*

# O best seller como elemento normalizador: fillos dun mar complicado

**Pedro Feijoo**

Escritor, autor d'*Os fillos do mar*

O meu sentido da orientación sempre foi, por dicilo dun xeito amable, *un asunto delicado*. Para que vos fagades unha idea, baste con dicirvos que Ulises e mais eu saímos de Troia ao mesmo tempo.

A miña muller aínda segue a agardar por min.

O caso é que eu andaba á procura do Draig Goch, e cando me quixen decatar aparecín aquí. En fin... Desculpade a miña intromisión nas vosas páxinas, pero xa que estamos aínda hei aproveitar o espazo prestado para, se mo permitides, contarvos un par de cousas das que tampouco ha estar de máis falar unha miga.

O meu nome é Pedro Feijoo, e son escritor. Xa sei, nin o meu nome nin moito menos a que me dedico son cousas que a ninguén lle interesan demasiado. Pero a miña nai sempre me dicía que a boa educación o é todo na vida, así que me presento. O asunto é que unha desas historias que escribín titúlase *Os fillos do mar*, unha sorte de novela de aventuras que está a ter un éxito máis ca considerable aquí, en Galiza. Boas críticas e, sobre todo, unha lexión de lectores que, non contentos con teren demandado catro edicións completas en menos de oito meses, seguen a crecer en cantidade días tras día. Se conto isto non é en realidade máis que por ir poñéndonos en situación sobre o tema que imos tratar en breve. E se mo permiten, necesitaría comezar a miña argumentación cunha reflexión de corte lixeiramente diferente.

Aínda que desde esta distancia teña xa serias dificultades para lembralo, xuraría que a miña formación académica é a do filólogo. Haberíame custar menos recordalo se lle tivese prestado máis atención ás aulas e menos ás miñas sonadas participacións en innumerables edicións do París-Dakar, aquela golfa carreira que, lonxe das areas do deserto e do ruído atronador dos motores, se corría pola compostelá rúa do Franco desde o Café París

*O best seller como elemento  
normalizador: fillos dun mar  
complicado*  
Pedro Feijoo

até o Bar Dakar. Si, anos bos aqueles... Pero como lles dicía, algo quedou, e é desde esa perspectiva filolóxica que imos abordar a materia que agora nos ocupa: Arte, Cultura, e Liberdade.

Por fortuna, a Arte, o feito artístico, non conta con manuais de instrucións, e cada quen é moi libre de escoller, como individuo que é, a mellor vía para expresar e materializar aquilo que sente. Ninguén se debe marcar nunca as pautas da creación estética, sexa cal sexa a disciplina que cadaquén escolla para facer valer a súa voz. E a Literatura, a arte que emprega a Palabra como medio de expresión, non debe ser excepción a este feito.

Agora ben, cando falamos de Cultura estamos a facelo doutra cousa... Mentres que a Arte xa é arte desde o instante en que a pintura impregna o lenzo, en que o martelo comeza a labrar a pedra, en que a pluma deixa o seu trazo primeiro sobre o folla en branco, a Cultura non ten esa capacidade como tal. A Cultura non é libre en tanto que está suxeita á escolla das épocas ou grupos sociais que por ela se van deixar determinar. É (ou debese ser) o Pobo o que escolle a súa propia Cultura. E ese é un xogo no que si hai regras. Como, por exemplo, as que determinan o proceso normalizador dentro dunha cultura.

Como creador que todo artista é, un pode lanzar a súa mensaxe sen sequera agardar resposta ningunha por parte do seu público (se é que tan sequera o ten). Pero o feito cultural implica, necesariamente, comunicación. Non hai cultura se non hai diálogo entre o artista e o espectador, entre a forza creadora e o público receptor. Entre o escritor e o lectorado. E, francamente, non imaxino mellor espazo para a realización dese diálogo entre as partes que o proceso normalizador da propia cultura. Triste futuro lle agarda ás artes dunha sociedade se esta non as ten asumidas como propias, como súas e representativas de si mesma... E iso non é outra cousa senón normalización. Un proceso normalizador que flúe maino e fondo coma un río que non desentoa na paisaxe é un dos mellores indicadores de boa saúde cultural dunha sociedade.

E a que vén agora que faga tanto fincapé nestas cuestións? Pois a que, amigos, se o malpocado Hamlet tivese metido os fouciños en Galiza máis do que Cunqueiro llas fixo meter, a cousa non lle tería cheirado moito mellor cá súa querida Dinamarca. Hai algo na cultura galega que non acaba de ir todo o ben que debese. Algo tan sinxelo como escribir unha única palabra: descontro. E, aínda que non son poucos os campos en que o problema se descobre evidente, agora tócanos meterlle man á parte desta eiva que ten que ver co sistema literario galego, onde ese certo distanciamento existente entre público maioritario e a obra proposta resulta máis perigoso, tanto para a cultura en si mesma, como para o tecido empresarial que dela depende.

Hai pouco tempo, tiven a sorte de poder escoitar unha máis que interesante reflexión feita polo meu bo amigo o escritor Marcos Calveiro. Permitídemme a cita: 'Se che digo a verdade, non sei en que momento a meirande parte dos autores galegos perdemos a cabeza. Toleamos sen remedio perseguindo un xigante que logo resultou ser un muíño. Procurabamos un soño inalcanzable, o Santo Graal da nosa literatura: A GNG (A Gran Novela Galega). E nesa insensata procura perdemos o norte. Non buscabamos lectores, madia leva, tanto nos tiñan. Queríamos pasar á eternidade, alcanzar o Parnaso, normalizar o noso sistema literario dunha vez por todas. Poñer, en fin, o axóuxere ao gato das nosas letras. E nesa fuxida moitos esquecémonos dos lectores e do primeiro mandamento da novela, aquel que Dumas, Verne, Dickens ou London tiñan gravado a ferro quente nas súas cabezas cando escribían: EN-TRE-TE-MEN-TO. O primeiro obxectivo dunha novela é

*O best seller como elemento  
normalizador: fillos dun mar  
complicado*  
Pedro Feijoo

entreter o lector, enganchalo, levalo coma nunha vagoneta na montaña rusa da trama a carón dos seus protagonistas'

Resultan máis que esclarecedoras as palabras de Calveiro á hora de afrontar o tema que nos ocupa. Notade como por unha banda é xa el mesmo quen marca como un dos obxectivos do escritor é o de contribuír ao proceso normalizador dunha cultura pola parte que ao sistema literario lle corresponde. Como creadores, somos (ou debéramos ser) responsables de traballar para o afianzamento das nosas propias identidades culturais. Cita Marcos, asemade, toda unha nómina de escritores dos que hoxe a ninguén se lle ocorrería dudar. Quen de nós está capacitado para poñer en tela de xuízo o traballo de Dumas, de Verne, ou de Dickens? Seica algún entre nosoutros se vai atrever a negar o valor de obras como *O conde de Montecristo*, *Vinte mil légoas de viaxe submarina*, ou *Oliver Twist*? Grandes libros, cheos de grandes aventuras en defensa de grandes ideas, e todos eles impulsados por un mesmo motor principal: a forza do entretemento. Cómpre non perder de vista este matiz, xa que a cousa é moito máis importante do que puidese parecer en primeira instancia: hoxe, cando falamos dunha novela escrita baixo esas mesmas premisas, e con esas mesmas intencións, xa non lle dicimos 'de aventuras'. Non. Agora chamámoslle *best seller*. E, camaradas, o choio non vos é o mesmo... Botémoslle un ollo a esta cuestión.

No principio, a catalogación dunha obra como *best seller* non facía en realidade alusión a máis nada que non fose a boa fortuna da mesma con respecto á súa presenza no mercado. *O mellor vendedor*, traducido literalmente, ou, de modo máis axeitado, *o máis vendido*, a etiqueta tan só falaba dun mercado éxito comercial. Pero co tempo a marca foise asociando cun determinado xénero (ou mellor dito, cun *estilo*) literario. Un, curiosamente, moi próximo nas súas principais liñas argumentais a calquera daquelas obras das que no parágrafo anterior falabamos (ollo, que eu non estou a falar de *calidades*, senón de *formas*). Novelas de aventuras, de amores, de viaxes, caracterizadas case na súa totalidade por un ritmo rápido, trepidante, e tecidas as máis delas no emprego dunha linguaxe clara, directa, e de rápida asimilación por parte do lectorado de masas, obxectivo ao que ían maioritariamente dirixidas. Obras, en definitiva, nas que aos lectores non lles resultaba excesivamente complicado identificárense, vérense en certo modo reflectidos nalgún personaxe, situación ou contexto. As máis das veces, o éxito do traballo estaba en que o que o lector vía no libro non era algo co que el se podería identificar de maneira directa, senón aquilo que lle gustaría ter sido. É un feito: as máis das veces namoramos non do que somos, senón do que nos gustaría ser.

Velaí a clave dun bo *best seller*, o poder de identificación entre as partes a través do diálogo. Logo volveremos sobre isto. Quedémonos de momento co feito de que, sendo como acabamos de dicir obras en xénese herdeiras daquelas que encheron as literaturas europeas do século XIX, moi ao contrario de optaren tan sequera a acadar un recoñecemento semellante, pasaban dereitiñas ao desdén. Non se tardou en cargar a etiqueta cunha serie de connotacións despectivas. Como ben apuntaba hai pouco María Dueñas, 'non sei por que temos esa obsesión de perverter o significado real [da etiqueta *best seller*]: a cantidade de vendas non esta en absoluto relacionada coa calidade da literatura' A tradución é miña, pero a idea é dela. E esta muller disto debe saber moito, porque do seu primeiro libro, *El tiempo entre costuras*, leva vendidos só en España máis dun millón de exemplares. E en realidade non lle falta razón. Se o hábito non fai ao monxe, o feito de que un libro venda moito non quere dicir que sexa bo. Pero do mesmo xeito, tampouco é menos certo o contrario: o feito de que unha obra siga esas

*O best seller como elemento  
normalizador: fillos dun mar  
complicado*  
Pedro Feijoo

mesmas liñas, tanto argumentais como formais, tampouco quere dicir que automaticamente teña que ser desprezable. Cando menos, o que en realidade máis nos interesa aquí é o feito comunicativo en si mesmo, o rápido e innegable diálogo que se produce entre este tipo de obras e mais o seu público. O mesmo público que, en caso de boa fortuna, ao momento se identificará con elas e as fará súas.

Xa cos pés na terra, no caso galego tamén temos exemplos dabondo sobre os que falar. Pero, curiosamente, non tanto en tempo presente. *Best sellers* na literatura galega houbos sempre. Só que antes non os chamabamos así.

Unha viaxe rápida polos nosos *supervendas* patrios podería comezar citando o famoso *Catecismo da doutrina galega composta polo R.P.M. Fr. Marcos da Portela...*, tamén coñecido como o *Catecismo do Labrego*. Publicada en 1889, esta obra suporíalle ao seu autor, Valentín Lamas Carvajal, o afianzamento da súa xa anteriormente grandísima popularidade, xa que, só en vida, chegou a vela reeditada até en trece ocasións. E non serían poucas as que aínda virían despois.

Aínda que moitas menos edicións terían en vida do autor certas obras de Castelao, textos como *Cousas* ou *Os dous de sempre*, o certo é que actualmente as reedicións destas obras cóntanse por decenas, se ben non deixa de ser menos interesante remarcar o fondo calado social co que os traballos do máis universal rianxeiro contaron xa desde o momento en que calquera dos seus traballos foi publicado até hoxe mesmo.

No ano 1961, en plena noite de pedra, saen á luz as *Memorias dun neno labrego*. A máis coñecida obra de Neira Vilas pasará á historia da literatura galega como o *best seller* por antonomasia. A historia de Balbino, orgullosa de poder dicir de si mesma que se trata da obra máis lida da nosa literatura, vén de celebrar os seus cincuenta anos no mercado editorial cunha nova edición (e xa van 31), e máis de 600.000 exemplares vendidos.

Xa en democracia, poderíamos comezar citando as dezaseis edicións daquel *Crime en Compostela* cometido por Carlos Reigosa, quen inauguraría o camiño para a novela negra dentro da nosa literatura (camiño, por certo, que hoxe pasa pola porta dun fantástico Diego Ameixeiras, culpable de *Asasinato no Consello Nacional*, outra boa mostra de *best seller* policial máis recente).

E vai ser xusto aquí, a mediados dos anos oitenta, onde nos detñamos para facer mención especial aos dous autores de carreira probablemente máis destacable da nosa literatura nos últimos anos: Suso de Toro e Manuel Rivas.

Se ben é certo que de Toro xa comezara a publicar en 1982, a saída catro anos máis tarde da súa magnífica *Polaroid* suporía un fito no xeito de entender a narración en Galiza. Talvez sete poidan parecer poucas edicións, pero a transcendencia desta obra nas nosas letras, evidente no forte contacto establecido sobre todo cunha mocidade a madurar entre finais dos oitenta e primeiros dos noventa, pon ás claras a súa influencia sobre o lectorado galego. As obras de Suso de Toro máis veces reeditadas son *A sombra cazadora* (deza-seis edicións) e *Trece badaladas* (oito edicións, Premio Nacional de Narrativa).

E na outra banda, Manuel Rivas, o noso mellor exemplo de escritor galego con éxito incontestable tanto dentro como fóra do país. Baste con anotar que *O lapis do carpinteiro* vai en Galiza pola súa vixésimo sexta edición. De feito, é tanta a aceptación xerada arredor do coruñés, que non en balde eu mesmo tiven a ocasión de coñecer alguén que tiña a Manolo por un dos grandes escritores en lingua castelá do que, aínda por riba, tiñamos a sorte de poder ler a súa obra traducida ao galego! Resulta increíble comprobar

*O best seller como elemento  
normalizador: fillos dun mar  
complicado*  
Pedro Feijoo

até onde pode chegar a idea aquela de que o de fóra sempre é mellor. Ai, *Galicia, Galicia!*

Seguindo camiño adiante, pronto damos con Agustín Fernández Paz, quen desde 1995 leva editado xa vintenove veces o seu *Cartas de inverno*, con máis de 80.000 exemplares vendidos.

Do mesmo xeito, poderíamos citar a *Morning Star* de Xosé Miranda, o Premio Xerais máis veces reeditado na historia do galardón (quinze edicións), ou, xa en menor proporción, *O club da calceta*, de María Reimóndez (oito edicións), ou a *Herba Moura*, de Teresa Moure (seis edicións).

E rematamos pechando a escolma coas dúas obras do vigués Domingo Villar, quen con *Ollos de auga* (dez edicións) e *A praia dos afogados* (cinco edicións) vén de ser a última descuberta na listaxe dos máis vendidos en galego.

Como vedes, para ben ou para mellor, son xa moitos anos tendo *best sellers* ‘de noso’, malia esa estraña sensación de que a cousa esta do *best seller* galego sexa un invento de agora. Todos estes libros que veño de citar levan moito, moito tempo con nós. Nas nosas librarías, nos libros de texto dos nosos fillos, algúns mesmo no noso cinema. E con todo, con case ningún deles conseguimos ter esa sensación de espallamento masivo, de teren sido ‘o éxito editorial do ano’, aquel libro do que todo o mundo estaba a falar. Non acabou de pasar nunca aquilo que, por exemplo si pasou cos *Millenium*, *Los ojos amarillos de los cocodrilos*, ou *Cincuenta sombras de Grey...* Botemos man do paradigma que a todos nos soa.

Eu lembro perfectamente o momento en que a presenza d’*O Código Da Vinci* comezou a se facer inevitable. Mirases para onde mirases, alí habías dar con algunha testemuña que puxese en evidencia o feito de que algo estaba sucedendo. Algo imparabile. Pouco e pouco (ou talvez, en realidade, de súpeto para cando nos quixemos decatarse), o texto de Dan Brown estaba por todas partes. Nos escaparates das librarías, nas cabeceiras das grande superficies comerciais, nas mans de alguén que o ía lendo no autobús, na conversa que os da mesa do lado tiñan no café. No xornal, na televisión, no cinema! En todas partes. Independentemente da calidade literaria da obra (non é o obxectivo deste artigo xulgar ese tipo de cuestións), non penso que a estas alturas quede xa ninguén que se atreva a dicir que tal traballo non foi un verdadeiro éxito de masas.

De súpeto, as rúas enchéronse de xente que sabía máis e máis ca ninguén sobre os terribles segredos que a Igrexa tentaba manter ocultos sobre a verdadeira vida do verdadeiro Xesús. Unha sarta de disparates case todo, si. Pero... De onde viñera todo ese poder de convocatoria? Que cousa fora aquela capaz de poñer a tanta xente de acordo no tema a tratar? Pois amigos, nada máis que un libro. Unha simple e inocente novela de aventuras. Un deses *desprezables best sellers...* Aínda pensamos que non cómpre prestarlles atención a estes libriños?

### **O nacemento d’Os fillos do mar.**

Eu son membro doutra xeración, e, como tal, veño dunha escola diferente. Unha que nos fai fillos doutras formas, aquelas a se relacionaren entre si. Facemos nosa a retranca de Castelao ao tempo que nos atrevemos a mesturar o seu sentido da comedia co humor absurdo de Groucho Marx. Unha xeración que, tal e como lle viu facer ao propio Cunqueiro, non dubida en vencellar formas procedentes de diferentes culturas. Hamlet e mais Simbad

*O best seller como elemento  
normalizador: fillos dun mar  
complicado*  
Pedro Feijoo

atopándose co mago Merlín disfrazado de feirante en Esmelle? Xaora que si! Lemos a Wilde e mais a Eduardo Mendoza, a Shakespeare e mais a Manolo Rivas, e non dubidamos en mesturar o cinema de Woody Allen coa música dos Ramones. O ar fresco de Mozart coa violencia de Harry 'o Sucio'. Eu, xa o dixeran por aí un feixe de veces, pertenzo a esa xeración de rapaces e rapazas que da man de Suso de Toro aprendemos que outro xeito de narrar a nosa realidade era posible. Pero sen esquecer en ningún momento, como aí atrás apuntaba Marcos Calveiro, que os lectores cómpre non deixalos de lado. Nunca, xamais. Así, a partir deste caldo de cultivo, foi como naceu a idea, o embrión que daría en ser *Os fillos do mar*.

Recordando aquela viaxe polos *best sellers* da nosa literatura da que antes falabamos, non pode quedar dúbida ningunha sobre a existencia do noso propio público lector. Un público disposto a ser masivo (abonde con observar como recentemente ese mesmo público fixo súas certas obras de Ameixeiras ou Villar), á espera de que máis xente se lembrase del. A miña proposta consistía en darlle unha volta de torca máis ás propostas inminentemente anteriores. 'Moi ben, daquela temos xente para ler *best sellers*. Pero, que acontecerá se o que lles ofrecemos é un *best seller* integramente galego?'. A miña idea non era a de contar unha versión en galego dunha historia que se puidese ter dado en calquera recanto do mundo, senón xustamente o contrario: unha historia que, podéndose dar única e exclusivamente con elementos propiamente galegos, fose 'narrable' en calquera parte do mundo. Se Woody Allen rodaba en Nova York era porque unha historia como *Manhattan* non podería ter sentido en ningunha outra parte do mundo. Se Eduardo Mendoza sitúa en Barcelona a trama d'*A verdade sobre o caso Savolta* é porque en ningunha outra cidade se deron todas e cada unha das circunstancias que posibilitasen unha historia coma esa. Ou mesmo sen saír de Barcelona: hoxe, *A sombra do vento*, de Carlos Ruiz Zafón, constitúe un fenómeno editorial a nivel mundial, pero como comezou ese éxito? Pois fraguándose aos poucos, ao compás marcado polos barceloneses que, un após outro, se ían identificando con aquela cidade súa, aquela que tamén era a do autor da novela. Esa é a razón pola que n'*Os fillos do mar* a trama se desenvolve en Vigo. Porque é a miña cidade, si, mais tamén porque en ningún outro lugar se produciu a batalla de Rande...

Exposta a idea, o seguinte era construíla, darlle corpo nunhas formas que ao lectorado lle resultasen familiares, ás que xa estivese afeito. Como, por exemplo, a lingua. A escolla de rexistros a empregar nuns espazos coma os de Simón e Mariña, os protagonistas da novela, tampouco foi casual. Tratábase de empregar unha linguaxe rápida, directa, coloquial sempre que fose posible. Unha lingua viva coa que a lectora se puidese identificar ao momento, que non lle resultase nin allea nin prefabricada. Unha lingua, en definitiva, que esvarase polos ollos do lector sen que este tivese tempo nin tan sequera a se decatarse da forma empregada.

Si, é verdade: ninguén vai descubrir o verdadeiro sentido da vida afondando nas páxinas d'*Os fillos...*, pero é que tampouco esa era a intención. Cando encetei este traballo tiña moi clara cal era a miña principal premisa: o entretemento. Puro e duro. Eu nunca quixen escribir sobre o sentido da vida (e de feito, por moito que o quixese ter feito tampouco podería facelo. Quen son eu para abordar un tema coma este? Se nin sequera estou certo de saber atar ben os zapatos...). A miña intención primeira era a de ofrecerlle ao lector a posibilidade de pasar un bo tempo, de lle propoñer unha historia que lle resultase entretida, unha desas coas que apetece meterse na cama un bo anaco antes de prender no soño. Ese tipo de libro *de sempre*... Pero, esta vez,

*O best seller como elemento  
normalizador: fillos dun mar  
complicado*  
Pedro Feijoo

galego. A xente prende en todas esas historias, e, como dalgún xeito apunto nesa especie de prólogo que a novela leva, gustamos de soñar con fastosos tesouros afundidos nas augas cristalinas do Pacífico Sur, augas nas que en realidade nós o máis probable é que nunca cheguemos tan sequera a mollar os pés... Pero, atrapados nesa fantasía, esquecemos que aquí, nesta terra, temos un monte de historias que tamén nos poden deixar coa boca aberta, e que, ademais, son nosas. Pertécennos. Porque esa era a seguinte premisa: unha vez que te teño atrapado neste xogo de formas que eu propoño, unha vez que estás comodamente instalado, deixa que che meta o veneno da memoria. Ou o que é o mesmo: agora que xa teño a túa atención, deixa que che conte unha historia, unha que, por increíble que che poida parecer, tamén é a túa.

Porque se os dez mandamentos aqueles de Charlton Heston se resumían nunha única e nova lei (unha que, polo que me pareceu comprender, viña sendo algo así como *amarás a Charlton sobre todas as cousas*), todas estas premisas miñas tamén se recollían nunha única, xa dabondo ensinada polo propio Horacio: *docere et delectare*. Ou o que é o mesmo: aprender aprendemos, pero, ante todo, que sexa divertido.

E, outra vez, o xogo funcionou.

Pouco e pouco, a xente foise achegando á novela, foina facendo súa. E foina recomendando, e cada vez van sendo máis e máis as lectoras e lectores que cada día se mergullan nas páxinas d' *Os fillos do mar*. Por iso comentaba ao principio do artigo o feito rechamante das catro edicións en sete meses. Tede en conta que estamos a falar dun sistema literario como o galego, onde a percepción xeral comeza a ser a de que, tal e como van as cousas, un *best seller* é o libro aquel que —como tal como apunta Jorge Conde Miguélez— vende máis de 600 exemplares. E non son poucos os correos que vou gardando de lectores que me falan dos bos momentos que botaron lendo a novela, eles **que non len habitualmente en galego** (e por favor, enténdase: o que pretendo remarcar especialmente non é o feito de que pasasen un bo tempo a conta do meu traballo, senón a súa condición de **non-lectores en galego**). Para min, ese e non outro é o principal mérito deste libro, aquel do que podó dicir que me sinto máis satisfeito: o de ter contribuído na medida das miñas posibilidades a fomentar e espallar a lectura dunha novela non só escrita en galego, senón, ademais, pensada integramente en galego. Porque ese era verdadeiramente o grande desafío ao que se enfrontaba este traballo: o de demostrar que no noso país xa se dan tamén as condicións óptimas para comezar propoñer 'lecturas masivas'. Ou, dito doutro xeito: a normalización implícita na existencia do *best seller*.

Do que estou a falar é, en definitiva, de normalizar unha literatura, ou o que é o mesmo, de facela *normal*, común. É ben certo que existe unha notoria elite intelectual no noso país. A súa presenza revélase máis ca evidente arredor de certos cenáculos da crítica literaria. Máis que moi probablemente, o valor literario de novelas como *Os fillos do mar*, *Ollos de auga*, ou mesmo *Dragal* (a fantástica triloxía do dragón galego escrita por Elena Gallego Abad, e completamente anovadora dentro do noso panorama literario), quede moi lonxe de ser recoñecido por estas elites. Pero o importante non debéra estar aí, quedar aí. Si, é máis que probable que a ningún de nós nos concedan o recoñecemento do Día das Letras Galegas (tampouco o queremos!, que preferimos seguir vivos...). Moi probablemente non sexa eu digno de entrar nesas elites (e, como diría Groucho, deus me libre de pertencer a un círculo exclusivo que admita nas súas filas alguén coma min!). A escritura de obras orientadas ao recoñecemento por parte desas altas esferas está moi ben (digo eu que ha estar...). Pero o que cómpre ter moi claro é o

*O best seller como elemento  
normalizador: fillos dun mar  
complicado*  
Pedro Feijoo

feito de que non por iso lle imos dar as costas a toda esoutra xente que tamén está aí. A toda esa xente que tamén gusta da lectura. A toda esa xente que tamén escolle inverter parte das súas maltratadas pagas en mercar libros... Como dicía Manuel Summers aló polo ano 1982, *To er mundo e güeno*. Por iso, se eu vou respectar máis unha persoa ca outra será sempre polos seus actos, nunca polo libro que leve baixo o brazo ao saír da librería. E, sen embargo, aínda hai xente por aí que parece non telo claro...

A estas alturas, supoño que xa vos dariades conta do moito que este asunto, a cuestión de seguir a facer camiño pola normalización do noso sistema, me preocupa. A verdade é que xa levo un bo tempo falando disto mesmo. Por fronte, teño escoitado cousas como que nós non necesitamos esta 'normalidade', que a nosa é unha literatura 'minorizada', e que as cousas xa están ben como están. Anda, miral, como se este fose algo así como o sistema que nos tocou en sorteo ante notario, e como tal temos que dalo por bo. *Porque como é o noso...* Pois moi ben. Incluso podería estar perfecta a cousa..., de non ser por un pequeno detalle: en grande medida estamos a vivir de costas aos nosos lectores.

Esquecémoslos, non lles prestamos atención, non soubemos escoitar. Chegamos a un punto en que, tan pagados de nós mesmos como estabamos, non tivemos orellas para máis nada que non fosen aqueles cantos de serea emitidos por nós mesmos. Como dicían Les Luthiers no seu famoso gag do Merengue, *esto se está convirtiendo en un monólogo, cuando todo el mundo sabe que en realidad debería ser un biólogo...*

Pertencer a esa elite da que antes falaba debe ser algo moi chulo, disque hai moi boas vistas desde o monte Parnaso. Pero hai un par de cousiñas que sería bo non esquecer, pois, de facelo, as súas consecuencias poderían ser fatais para aquilo que somos. Porque os anos do despotismo ilustrado xa foron alá, home... A existencia dunha elite dentro dunha cultura é tan necesaria coma a do páncreas dentro do corpo humano: ninguén sabe moi ben para que serve, pero sen el temos un problemíña. Pois moi ben, adiante con ela, pero ollo: sen perder a cabeza por ela. Á fin e ao cabo, a elite non é máis ca unha minoría absoluta. 'E o pobo?', diredes. Vaia, pois botándolle un ollo a estes tempos que corren, non sabería dicirvos se o pobo aínda segue a ser realmente o que máis ordena, pero o que si teño moi claro é que sen el o noso traballo non ten sentido ningún. Sen pobo que as apoie, as nosas artes rematarán por non ter continuidade, e a nosa cultura, simplemente, deixará de ser tal.

Volvamos tender, xa que logo, as pontes. Favorezamos o diálogo entre artistas e público, entre creadoras e espectadores, entre escritores e lectoras. Escoitémoslo, fagamos, na medida do posible, que o noso pobo se sinta orgulloso do noso traballo. Loitemos mesmo por que se identifique con el. Unha cultura en bo estado de saúde é aquela na que o pobo loce con fachenda a bandeira dos seus artistas. Unha vez que teñamos iso gañado, restablecido o diálogo, o entendemento entre as partes, xa teremos tempo e espazo para normativizar. Pero antes, por favor, sumemos forzas, contribuíamos á normalización da nosa cultura. Nada, en realidade, que no seu momento non dixera xa o propio Castelao: 'Non lle poñades chatas á obra namentres non se remata. O que pense que vai mal, que traballe nela: hai sitio para todos'.





109 — Galicia 21  
Issue D '12

*O best seller como elemento  
normalizador: fillos dun mar  
complicado*  
Pedro Feijoo

### Referencias citadas:

CALVEIRO, Marcos, 2012. Texto lido na presentación d'*Os fillos do mar* na librería Librouro (Vigo), 18.04.2012

DUEÑAS, María, 2012. 'Hemos pervertido el significado real de *best seller*'. *El País*, 5.09.2012

CONDE MIGUÉLEZ, J, 2011. 'Un best seller en Galicia ahora son 600 ejemplares vendidos', *Faro de Vigo*, 24.03.2011